



Por Orde do 23 de xuño de 2011, modificada pola Orde do 4 de xuño de 2012, régúlese a xornada de traballo do persoal funcionario e laboral docentes que imparten ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

En relación con estas Ordes, pola xefatura da inspección educativa de Pontevedra consúltase sobre a derogación ou vixencia do parágrafo 10 punto 84 da Orde do 1 de agosto de 1997 pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 324/1996, polo que se aproba o regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria e a súa organización e funcionamento, que literalmente di:

“Ós representantes dos profesores no consello escolar computaráselles dúas horas complementarias fixas por tal motivo; para iso, sempre que as dispoñibilidades do centro o permitan, non se lles asignará ningún grupo de titoría. En caso contrario as dúas horas descontaranse das outras complementarias, segundo as prioridades que estableza a dirección do centro en función das necesidades”

Para dirimir a cuestión que presenta a xefatura da inspección educativa de Pontevedra cómpre advertir que a Orde do 23 de xuño de 2011 derroga a Orde do 1 de setembro de 1987 pola que se adecúa a xornada de traballo dos funcionarios que imparten ensinanzas básicas, medias, artísticas e de idiomas e aquelas normas de igual ou inferior rango que se opoñan ao establecido na mesma. Polo tanto, mantén a vixencia dos puntos 76 a 87 da Orde do 1 de agosto de 1997, agás os que se opoñan ao establecido na mesma.

Resulta indiscutible que está afectado o punto 79 desta Orde do 1 de agosto de 1997. Efectivamente neste punto faise unha distribución das horas complementarias fixas desde a premisa de que son cinco, cando na nova regulación da xornada de traballo son tres, que deberán dedicarse dúas a gardas e unha a titoría de país e alumnos. Perde polo tanto a condición de hora complementaria fixa a dedicada ás reunións do seminario ou departamento, que se celebrarán como mínimo unha vez ao mes e





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
www.edu.xunta.es

galicia

computará dentro das sete complementarias non fixas e unifícanse nunha soa hora de titoría as titorías de país e alumnos.

Pero as Ordes do 23 de xuño de 2011 e 4 de xuño de 2012 non modifican as reducións horarias semanais contempladas noutras ordes. O artigo 5 da Orde do 23 de xuño prescribe que a regulación da xornada de traballo se complementará nas ordes que desenvolvan os regulamentos orgánicos dos centros. Por esa razón continúa vixente o parágrafo 10 do punto 84 da Orde do 1 de agosto de 1997, aínda que poida parecer incongruente que as reunións da xefatura de departamento computen nas horas de permanencia non fixa e as reunións do consello escolar computen dentro das horas de permanencia fixa semanal.

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2014
O subdirector xeral de Recursos Humanos

José Luis Canosa Baldomir

SR. INSPECTOR XEFE DA INSPECCIÓN.- XEFATURA
TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E
ORDENACIÓN UNIVERSITARIA. PONTEVEDRA

